

# Plantas e árbores

Neste catálogo preséntanse as plantas e árbores máis representativas da zona; algunhas son autóctonas e outras proveñen doutros lugares e foron introducidas polo home con fins ornamentais mais debido á súa adaptación ao medio convertéronse en plantas comúns e mesmo invasoras, que colonizan nichos que debesen ocupar outras plantas autóctonas.

A variedade de cores e tonalidades das follas apréciase especialmente no outono, cando a multitude de verdes dá paso a pardos e avermellados, para recibir ao inverno coas pólas espidas. Neste lugar chegar á familia da planta é relativamente sinxelo, pero concretar a especie é máis difícil. A primeira ollada recoñecemos a forma das follas, o tamaño, a presenza de flores e cores, pero é necesario outro tipo de probas para asegurar a especie.

Hai plantas e árbores que poden levar a confusión porque hibridan con outros semellantes e o resultado pode resultar enganoso. Falarase de plantas perennes, que manteñen as súas follas todo o ano; plantas de folla caduca, que nas estacións frías tiran as follas; e plantas anuais, que xermolan, florecen e sucumben no curso dun ano; grazas ás súas sementes volven formar novas plantas.

## 1 *Salix purpurea*, vimbieira

Planta arbustiva que pode alcanzar os 6 metros de altura. Florea de xaneiro a marzo e é frecuente nas marxes de lagos ou ríos, onde as súas raíces axudan a protexer o chan da erosión da auga. As súas pólas son moi utilizadas na cestería tradicional e para atar as viñas.

## 2 *Juncus maritimus*, xuncos

Planta perenne con rizoma. Talos ríxidos de ata metro e medio de alto. Florea de xuño a outubro en zonas húmidas, principalmente a beiras de ríos ou lagos.

## 3 *Salix atrocinerea*, salgueiro

É o máis común nas beiras dos ríos galegos, florea de febreiro a abril. Neste caso é unha pequena árbore, pero pode chegar a 10 metros ou ser un arbusto grande. É unha planta melífera e subministra néctar e pole ás abellas, grazas á súa floración temperá. Entre outras, ten propiedades antiinflamatorias, e desta árbore provén o ácido acetil salicílico, que serve para fabricar aspirinas.

#### **4 *Platanus hispanica*, plátano de sombra**

É unha árbore imponente que chega aos 35 metros de alto, pertencente á familia das platanáceas. A súa cortiza, de cor cincento ou verdoso, castiñeiro nos troncos vellos, despréndese en placas con escamas que deixan ao descuberto manchas irregulares amarelas ou brancas da cortiza interna. As follas, semellantes en forma ás do arce, son tri/pentapalmatífidas, verde vivo na face e máis claras no anverso.

#### **5 *Quercus robur*, carballo**

Árbore caducifolia típica galega, que pode superar os 30 metros de altura, de crecemento lento. Florea na primavera e os seus froitos, as landras, maduran de outubro a novembro. A súa madeira é de calidade excepcional, dura e pesada, aguanta moito tempo sen podreecer, usada en barcos ou barricas para o viño. Pode chegar a hibridar con outras especies de *Quercus*. As landras adoitan usarse como alimento de gando.

#### **6 *Quercus rubra*, carballo americano**

Orixinario de América do Norte. Diferénciase do noso carballo polas follas e o tronco que semella raiado; as súas follas caducas mudan a avermelladas no outono e aguantan na árbore ata ben entrado o inverno. Florea na primavera e tamén ten landras como froito.

#### **7 *Tamarix gallica*, tamarxeira**

É unha especie vexetal da familia das Tamaricáceas que aguanta o exceso de salinidade de xeito excepcional. Trátase dun arbusto ou arbolíño caducifolio; con pólas longas e flexibles, algo chorón, de cortiza pardo-avermellada escura, as máis novas lustrosas e lampiñas.

#### **8 *Phyllostachys aurea*, bambú**

Especie orixinaria de China, introducida en Europa con fins decorativos. Planta de folla perenne que forma matas densas de follaxe verde.

#### **9 *Wisteria*, glicinia**

As plantas desta especie usan as pólas para rubirse sobre outras plantas. Cultívanse como plantas de decoración debido aos seus acios de flores primaverais e espesa follaxe. Segundo as variedades, as flores son violetas, azuis ou brancas.

#### **10 *Rubus ulmifolius*, silva**

Planta perenne, con forma arbustiva, en ocasións rastreira, con talos espiñentos, moi frecuente en toda Galicia. O seu froito, a moura, é comestible e empregado en repostería e fabricación de marmeladas. A infusión das súas follas ten propiedades diuréticas e astrinxentes.

#### **11 *Calystegia silvatica*, herba roqueira**

Outra planta enredadeira de aparencia común ás anteriores, con follas en punta de frecha e flores brancas con forma de trompeta. Perenne.

## **12 Eucaliptus globulus, eucalipto**

Árbore de grande porte co tronco moi recto que pode alcanzar os 70 metros de altura, orixinario de Australia e Tasmania. Empezouse a cultivar en Europa no século XIX, para desecar pantanos. Actualmente moi utilizado para a obtención da pasta de celulosa na fabricación de papel. É unha especie moi invasora. Os aborígenes usábano como medicamento antiinfecioso e contra a febre. É común facer infusións coas súas follas para curar problemas respiratorios.

## **13 Acacia dealbata, acacia mimosa**

É unha especie arbustiva ou arbórea que pertence á familia das leguminosas (Fabaceae). Perenne, usada en xardinería ornamental, de crecemento rápido. De cortiza gris ou branca, moi ramificada. Pólas angulosas, florea de xaneiro a marzo. Dado o seu potencial colonizador pode constituir unha ameaza grave para as especies autóctonas.

## **14 Cortadeira selloana, herba da Pampa**

Outra especie invasora, introducida como decorativa, é orixinaria da Arxentina. Florea de agosto a outubro e está moi habituada á nosa zona. Aparece nas beiras das estradas e en zonas húmidas. Moi chamativa pola súa forma de plumeiro, pode chegar aos 3 metros de altura.

## **15 Liquidambar styraciflua, liquidámbar**

Especie caducifolia de orixe americana que pode chegar aos 30 metros de altura. Era unha planta ben coñecida como medicinal polos nativos americanos que a utilizaban como antidiarreico, febrífugo e sedante. É unha árbore ornamental popular polas súas intensas cores otoñais. O seu nome fai referencia ao ámbar líquido, unha substancia resinosa e recendente que se obtén da súa cortiza.

## **16 Acer pseudoplatanus, falso plátano**

Árbore de grande porte, de folla caduca, usado como ornamental. Froitos esféricos e pilosos. Florea na primavera. Pode levar a confusión con outras especies do xénero Acer ou Platanus, que en moitos casos son híbridos entre eles. A súa madeira é moi apreciada en ebanistería e como combustible.

## **17 Magnolia grandiflora, magnolia**

Especie perenne, ornamental, de orixe tropical, que decora numerosos xardíns na nosa cidade e que no podía fallar na Illa do Covo. Pode chegar aos 30 metros de altura. En medicina úsase para padecimentos do corazón e se consume en infusión. Florea de abril a agosto, flores moi vistosas e recendentes, e os froitos teñen aparencia de piñas de cor marrón.

## **18 Malus sylvestris, mazá silvestre**

Árbore caducifolia de ata 7 metros de altura. Seus froitos son comestibles máis acedos e maduran en verán e outono. A variedade doméstica dá froitos máis grandes e doces, con poder diurético, regulador do colesterol e a presión arterial.

## **19 Prunus avium, cerdeira ou cereixeira**

A cortiza desta árbore é lisa e anelada, de tonalidade vermella. As follas son simples, aovadas, coa marxe dentada. As flores brancas, xurden cando a árbore aínda non rebrotou, simultaneamente coas follas, de abril a maio.

## **20 Tilia platyphyllos, tileiro**

Árbore caducifolia de copa piramidal, con tronco de cortiza gris, agretada lonxitudinalmente, e que pode chegar aos 30 metros de alto. Follas dentadas, punteadas de 6-12 cm de longo, de forma orbicular-ovalada, coa face verde botella e parte do envés algo esvaecido, rematan en un longo e evidente pico. Pequenas flores de 5 pétalos brancas ou amarelas moi recedentes. Florea ao final da primavera e en verán. Esixe bastante humidade.

## **21 Liriodendron tulipifera, árbore das tulipas**


É unha árbore de grande interese ornamental. As súas follas en forma de corazón tórnanse amarelas en outono. As flores son grandes, relucentes, e numerosas en árbores maduras. As súas cores son amarelo-verdosas con toques vermellos e alaranxados, e recordan a un tulipán. Prefire chan profundo, rico e algo húmido. As raíces son carnosas. O crecemento é moi rápido. A forma típica da fronde é cónica.



1



2



3



4



5



6



7



8



9



10



11



12



13



14



15



16



17



18



19



20



21